

 AGAPEMA	OLIMPÍADA MATEMÁTICA GALEGA 2025 FASE de FINAL	(Coloca aquí a etiqueta identificadora)
--	---	--

PROBLEMA 1

O patricio Gaius Lúcius e a súa esposa Aelia teñen cinco fillos, cuxas idades son números pares.

- A suma das idades das súas tres fillas é igual a 32 anos e teñen anos diferentes.
- A suma das idades dos seus dous fillos varóns é igual a 16 anos, e teñen anos diferentes.
- A suma das idades dos dous fillos maiores é igual a 28 anos.
- A suma das idades dos dous fillos máis novos é igual a 12 anos.

Determina a idade de cada descendente da familia Lúcia e especifica se é un varón ou unha muller. Explica o teu razoamento e indica todas as respostas posibles.

 AGAPEMA	OLIMPIÁDA MATEMÁTICA GALEGA 2025 FASE de FINAL	(Coloca aquí a etiqueta identificadora)
--	---	--

PROBLEMA 2

Temos dúas moedas. Na cara superior de cada unha están escritos os números 7 e 10 respectivamente.

Se lanzamos as dúas moedas ao aire e sumamos os números que saen, podemos obter estes catro resultados: 11, 12, 16 e 17. Investiga que números están escritos na cara oculta de cada unha.

 AGAPEMA	OLIMPIÁDA MATEMÁTICA GALEGA 2025 FASE de FINAL	(Coloca aquí a etiqueta identificadora)
--	---	--

PROBLEMA 3

Ana, Lía, Mía e Mara van a uns grandes almacéns. Unha delas compra un reloxo, a outra un libro, a terceira unhas zapatillas e a cuarta un teléfono móbil. Os almacéns teñen catro pisos e en cada un deles só se vende un tipo de artigo. Ten en conta as seguintes pistas:

- Ana compra no primeiro piso e Mía no segundo.
- Os reloxos cómpranse no cuarto piso.
- Lía compra un libro.
- Ana non compra un teléfono móbil.

Que compra cada unha e en que piso?




OLIMPIÁDA MATEMÁTICA
GALEGA 2025
FASE de FINAL

(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)

PROBLEMA 4

Calcula a área do semicírculo sabendo que o triángulo no que se apoia é rectángulo.



 AGAPEMA	OLIMPÍADA MATEMÁTICA GALEGA 2025 FASE de FINAL	(Coloca aquí a etiqueta identificadora)
--	---	--

PROBLEMA 5

Xustifica se a área da lúnula sombreada (figura con forma de cuarto menguante de lúa) é maior, menor ou igual á área do cadrado sombreado.

